



*Esgrafiar: trazar debuxos en [unha superficie] raspando unha capa de pintura que se aplicou sobre outra de distinta cor, de maneira que a inferior quede á vista. (RAG).*

Actualmente estase a recuperar, en diferentes partes da península, o uso da técnica tradicional de esgrafiado mural en construción con morteiro de cal. A recuperación da mesma, como parte do patrimonio, desemboca no seu uso para códigos visuais contemporáneos a través de colaboracións, coma as potenciadas pola restauradora Carola Carrot en distintos traballos con artistas urbanas.

